

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

SELECCIÓN DUN AUDITOR EXTERNO PARA A COMPROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DO PROXECTO SPIN_UP

Entre os obxectivos da política rexional da Unión Europea, destaca o de Cooperación Territorial Europea (anteriormente Interreg). Dentro deste obxectivo están o Programa de Cooperación Transfronteiriza INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e o Programa Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020 co-financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que pretende promover a cohesión económica e social na UE co fin de corrixir os desequilibrios entre as súas rexións.

Uninova pode participar como beneficiaria das axudas concedidas ao amparo do Obxectivo de Cooperación Territorial Europea en ámbolos dous programas. Debido ás características específicas destes programas e polo feito de estar co-financiados co FEDER, cada beneficiario das axudas debe seguir un sistema establecido de control e validación dos gastos declarados de acordo ao procedemento que cada Estado Membro da UE estableza, co fin de garantir o cumprimento das normas comunitarias e nacionais. O dito sistema supón a designación por parte do beneficiario, e a posterior autorización pola correspondente Autoridade de Xestión Nacional, do denominado *controlador de primeiro nivel* que será o responsable de emitir un certificado de verificación dos gastos presentados polo beneficiario.

No caso de Uninova, e para o Programa INTERREG V-A POCTEP 2014-2020 a figura de controlador de primeiro nivel debe ser un auditor externo, inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), que tras a súa selección deberá ser autorizado pola Autoridade de Xestión Nacional, que neste caso e para España é a Subdirección Xeral de Cooperación Territorial Europea-Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública (MINHAFP).

1. OBXECTO DO CONTRATO

A finalidade do contrato é a selección da entidade que realizará as verificacións que establece a normativa e as respectivas convocatorias, con carácter previo á presentación das contas xustificativas diante do organismo financiador.

Para estas actividades, o traballo de verificación abranguerá os seguintes aspectos:

- O cumprimento da legalidade no gasto e nos requisitos establecidos nas respectivas convocatorias.
- A veracidade do gasto e dos pagamentos declarados.
- A conformidade do gasto e das operacións, ou partes de operacións conexas coas normas comunitarias e nacionais.

- A existencia de contabilidade separada e o cumprimento das normas e requisitos de publicidade que sexan de aplicación en cada caso.

2. NORMATIVA APLICABLE

A. Lexislación comunitaria

O Programa INTERREG V-A POCTEP encádrase dentro do Obxectivo de Cooperación Territorial Europea, co-financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea polo que as actividades se desenvolverán de acordo coas normas de auditoría de aplicación, tanto da normativa estatal como da comunitaria vixente, así como co establecido nas presentes prescricións.

- ✓ Regulamento (UE) nº 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións específicas relativas ao apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao obxectivo de cooperación territorial europea.
- ✓ Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.
- ✓ Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- ✓ Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- ✓ Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.
- ✓ Directiva 2004/18/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos.
- ✓ Directiva 2004/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 31 de marzo de 2004, sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais.
- ✓ Comunicación interpretativa da Comisión sobre o Dereito comunitario aplicable na adxudicación de contratos non cubertos ou só parcialmente cubertos polas Directivas sobre contratación pública (2006/C179/02).
- ✓ Comunicación interpretativa da Comisión relativa á aplicación do Dereito comunitario en materia de contratación pública e concesións á colaboración público-privada institucionalizada (2007/C 6661), e en concreto: «7. Detección de conflitos de intereses nos procedementos de contratación pública no marco das accións estruturais. Guía práctica para os responsables da xestión» e «8. Detección de documentos falsificados no eido das accións estruturais. Guía práctica para as autoridades de xestión»

- ✓ Decisión da Comisión C(2013) 9527 do 19 de decembro de 2013, relativa ao establecemento e a aprobación das directrices para a determinación das correccións financeiras que teña que aplicar a Comisión aos gastos financiados pola Unión no marco da xestión compartida, no caso de incumprimento das normas en materia de contratación pública: «Guía práctica sobre como evitar os erros máis comúns na contratación pública de proxectos financiados con cargo aos Fondos Estruturais e de Inversión Europeos».

B. Normativa estatal

Serán de aplicación, entre outras as seguintes normas:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- Orde EHA/1434/2007, de 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de conta na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións no ámbito do sector público estatal (BOE 25/05/2007)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

3. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO: PLANIFICACIÓN E SUPERVISIÓN

O traballo de verificación cubrirá aqueles aspectos relacionados coa subministración dos bens e servizos co-financiados, a veracidade do gasto declarado en concepto de operacións ou partes de operacións realizadas no territorio do programa, e a conformidade de tal gasto e das operacións, ou parte de operacións conexas, coas normas comunitarias e as normas nacionais.

Por tal motivo, o traballo deberá ser adecuadamente planificado co fin de identificar os obxectivos e o alcance, e establecer coordinadamente con UNINOVA os procedementos de verificación que deberán ser de dous tipos: verificacións administrativas e verificacións sobre o terreo. Para tal fin, UNINOVA facilitará ao auditor os documentos dispoñibles e que sexan requiridos por aquel para a mellor realización da auditoría.

UNINOVA poderá supervisar a súa execución, comprobar que a realización se axusta ao establecido no presente prego, e cursará ao auditor as ordes e instrucións que estime oportunas, integradas no sistema de control establecido pola Autoridade de Xestión Nacional, sen prexuízo das normas técnicas que deberá observar en cumprimento da normativa que lle sexa aplicable pola súa condición de auditoría independente.

4. PERIODICIDADE DOS TRABALLOS

De acordo co establecido nos formularios de candidatura dos proxectos aprobados presentarase como mínimo 1 solicitude de pago/ano. En función desta indicación, prevese que UNINOVA presente cinco certificacións económicas e técnicas coas súas correspondentes solicitudes de pago ao longo da vida proxecto.

As datas definitivas para a prestación do servizo serán aquelas que permitan a presentación de informes dentro dos prazos que marquen as Autoridades dos devanditos programas Interreg no curso da súa execución. Polo que as datas definitivas estarán tamén marcadas e serán supceptibles de modificación, por posibles modificacións na calendarización dos proxectos.

5. CONTIDO DO INFORME QUE SE DEBE EMITIR

O traballo realizado cubrirá as verificacións administrativas e sobre o terreo das operacións, realizadas polos auditores. As ditas verificacións axustaranse aos elementos incluídos nos documentos (modelo de compromiso do controlador, lista de comprobación, etc.) previamente establecidos pola Autoridade de Xestión Nacional, acorde coas normas de subvencionabilidade e segundo os modelos do Programa POCTEP, que serán facilitados á entidade auditora pola referida Autoridade Nacional. Como resultado de cada auditoría, o controlador presentará unha ficha da mesma coa conclusión sobre a conformidade ou non das accións realizadas. A dita ficha engadirase á certificación, para o tramo de execución anual considerada en cada proxecto.

Na referida ficha de certificación recolleranse os seguintes aspectos:

- Que os gastos cumpran coas normas de subvencionabilidade aprobadas para o Programa.
- Que os procedementos de contratación levados a cabo por Uninova e as entidades adxudicatarias son afíns á normativa comunitaria e nacional en materia de mercados públicos e que os contratos foron subscritos polo órgano competente.
- Que se cumpre a restante normativa comunitaria e nacional aplicable, especialmente a relativa á políticas de medio ambiente e de igualdade de oportunidades.
- Que a pista de auditoría é axeitada e permite verificar os criterios definidos na normativa de aplicación.
- Que o beneficiario cumpre coas normas do plan de comunicación do Programa operativo e as relativas a información e publicidade contempladas na normativa europea.

6. PRAZOS DE ENTREGA

A empresa auditora deberá render os anteriores informes nun prazo de 15 días dende a notificación por parte de Uninova da realización da correspondente certificación de gastos do proxecto.

7. ORZAMENTO

O orzamento máximo para levar a cabo estes traballos é de **5.500 euros, IVE non engadido.**

8. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Se durante a vixencia do contrato UNINOVA fose beneficiaria doutros proxectos europeos no marco dos Programas de Cooperación Transfronteiriza INTERREG VA España- Portugal (POCTEP) adicionais aos enumerados no anexo, por resolución de convocatorias análogas ás indicadas, e para os que se requirise informe de auditoría previo á xustificación, poderase modificar o contrato para incluír nel os traballos a realizar para os ditos proxectos.

As condicións da/s modificación/s serán as que estableza UNINOVA, en función das determinadas polo ente financiador e referiranse exclusivamente ao mesmo tipo de traballos definidos neste prego para as novas convocatorias que sexan análogas ás contempladas no anexo, sempre que o importe máximo establecido polo organismo financiador para os traballos de auditoría o permita.

Ao adxudicatario comunicaránselle as novas condicións para que manifieste a súa vontade de asinar ou non a modificación do contrato.

No caso de que non se acepte a modificación proposta, licitarase un novo contrato para este servizo concreto.

Santiago de Compostela, 06 de novembro de 2019

O Conselleiro Delegado



D. Vicente Pérez Muñuzuri